

COMPROMISO POR GALICIA

DOCUMENTO POLÍTICO, IDEOLÓXICO E ESTRATÉXICO

I. O TEMPO NO QUE NACE COMPROMISO POR GALICIA

A realidade social galega e mundial mudou considerablemente nas últimas décadas. Nin o mito da revolución como solución política que marcou nos dous últimos séculos as esperanzas das forzas emancipadoras, nin o do atraso que lastrara ata hai pouco as posibilidades de Galicia, teñen hoxe vixencia máis que como obstáculos na construción dunha democracia de progreso.

As contradicións e relatos que caracterizaron o século XX teñen pouca validez a día de hoxe. A sociedade do século XXI vaise conformando con estruturas flexibles, cambiantes, permeables. Novos medios e ferramentas de interacción potencian novas realidades interconectadas. Os problemas e desafíos que conforman xa o día a día da cidadanía xeran reaccións fóra das canles tradicionais, reflectindo unha diversidade social e de pensamento que marca o camiño no que debemos desenvolver a actividade política.

No plano político é imprescindible construír estruturas permeables e con capacidade de interlocución coa maioría social, organizada ou non, atendendo e respectando a súa diversidade. Estruturas que con afán unitario se sitúen a favor da inmensa maioría da sociedade que tenta vivir do seu traballo, da súa iniciativa e da súa creatividade. A difícil situación que está pasando a grande maioría das persoas no noso país e no conxunto do planeta esixe grandes doses de xenerosidade, fincar os pés na terra e manter todas as canles abertas para a integración nesa nova realidade social.

1. Contexto social, económico, cultural e político no mundo, en Europa, no Estado e en Galicia

Galicia forma parte dun ámbito xeopolítico que dende hai catro anos está sufrindo unha profunda crise económica, política, cultural e social. Unha crise que, malia espir as eivas do crecemento dun bo número de países tralo detonante inicial, non se pode afirmar que sexa mundial, xa que son varias áreas do planeta con economías que están crescendo. É en calquera caso unha crise provocada por un modelo de crecemento e consumo insostibles económica e ambientalmente, que traslada rendas futuras ao presente e dá as costas ao crecemento estable, á economía produtiva e ás necesidades reais da xente. Un modelo baseado na especulación financeira favorecida pola desregulación dos mercados, no negocio fácil e no enriquecemento rápido, no que as grandes corporacións acumularon tanto poder

que mesmo son quen de determinar as decisións dos gobernos, limitando o abano de solucións a aquelas que minimizan exclusivamente os seus custos. A isto hai que engadir o desleixo de funcións dos organismos públicos nacionais e internacionais e a súa conivencia con intereses particulares, polo que non foron quen de alertar das nefastas consecuencias da economía puramente especulativa que se estaba impondo.

O abandono das regulacións e controis necesarios conduce a un modelo de crecemento económico insustentable, que externaliza os custos da produción sobre as costas do planeta enteiro, poñendo en perigo a nosa propia supervivencia ecolóxica. Pero quizais o máis preocupante sexa que, asemade, os economicamente podentes seguen acumulando máis riqueza e máis poder, mentres a maioría das xentes se está empobrecendo e moitas persoas se ven arrastradas a situacións de extrema pobreza ou de exclusión social.

Ante este contexto de profunda crise económica e social, os grandes partidos político que gobernan os distintos países da nosa contorna, independentemente do espectro ideolóxico en que se sitúen, incorreron nun desleixo de responsabilidades alarmante, permitindo que sexan as grandes corporacións económicas e financeiras, a través dos mercados desregulados e mediante a colusión co poder político -incluso en flagrantes casos de conflitos de intereses-, as que diten as políticas económicas dos gobernos, que se traducen en medidas que sempre os favorecen e redundan claramente en prexuízo da maioría da sociedade.

A mala xestión dos recursos nos anos de bonanza económica e mais as políticas postas en marcha no Estado español e en Galicia da man dos seus respectivos gobernos e polo mandato, ben sexa dos “mercados”, do FMI, do BCE ou da Unión Europea, dende o ano 2008, lonxe de solucionaren os problemas derivados da crise, o único que trouxeron foi máis paro, máis pobreza, menos actividade empresarial e menos dinamismo económico, ademais dun alarmante deterioro dos dereitos sociais e dos servizos públicos básicos, como son a sanidade, a educación ou outros servizos sociais. En consecuencia, a desigualdade social está crecendo a un ritmo imparable.

A necesaria racionalización dos recursos públicos vén sendo executada, porén, en colusión cos máis potentes poderes económicos, do cal deriva unha subversión das prioridades, mantendo privilexios particulares e retallando dereitos á maioría social. Estanse impondo os modelos económicos e as ideoloxías políticas ultraliberais e neoconservadoras, o que está tendo como consecuencia un progresivo deterioro, cando non un desmantelamento consciente, do Estado do Benestar. Cómpre unha virada de principios, de políticas e de actitudes, tanto na UE coma no Estado español e en Galicia, co obxectivo de conseguir unha sociedade máis xusta e máis igualitaria, onde o benestar alcance ao conxunto da sociedade.

Doutra banda, a realidade do século XXI converte moitos dos estados europeos actuais en entidades demasiado pequenas para satisfacer os novos retos globais e á vez grandes de máis para atenderen as peculiaridades e necesidades concretas dos

diferentes pobos que compoñen o vello continente. As nacións sen estado como Galicia ven agravados estes retos pola precariedade dos seus mecanismos protectores, de xeito que lle toca á propia sociedade civil, enfrontada coas estruturas estatais herdadas, tomar conta da defensa da súa identidade e intereses específicos.

1.1. O nivel mundial

Vivimos nun momento histórico de transición dende a situación xeopolítica creada trala caída do muro de Berlín. O mundo monopolar, dominado pola hexemonía xeopolítica e económica dos Estados Unidos, estase a transformar nun mundo multipolar, co ascenso de Brasil, Rusia, India e nomeadamente China. A administración americana está a perder o seu rol como único árbitro no terreo internacional, en prol dunha realidade mundial onde o xigante asiático toma forza. Así mesmo, a crise financeira internacional pon de relevo a complexa interdependencia que as economías chinesa e norteamericana manteñen entre si, así como o feito de que camiñan a conformar unha nova realidade internacional nas décadas vindeiras.

Os recentes movementos populares en diversos países árabes en favor dunha democratización efectiva dos respectivos réximes políticos e dunha redución das graves desigualdades sociais, abren novos e incertos escenarios nas relacións internacionais. Doutra banda, as revoltas no mundo árabe deixan en evidencia as políticas de tolerancia practicadas pola Unión Europea cos réximes autoritarios e ditatoriais que asoballaron eses pobos. Os principais Estados europeos levan erosionado seriamente a credibilidade das súas habituais invocacións en defensa dos dereitos humanos ao permitiren e/ou promoveren a consolidación de sistemas de poder baseados no control despótico e na corrupción xeneralizada, só para aseguraren a continuidade do subministro enerxético ou para fortificar as fronteiras e evitar a libre circulación das persoas a través das mesmas, así como para venderen unha falsa imaxe de seguranza que o que en realidade acarrega é discriminación e desigualdade.

Finalmente, a ONU está máis relegada que nunca dun papel que debería ser central á hora de mediar e tratar de resolver os graves conflitos internacionais. Ás súas eivas fundacionais súmaselle unha incapacidade manifesta, deliberadamente provocada polas grandes potencias, para atender as graves crises políticas e humanitarias internacionais.

1.2. Unión Europea

A crise económica e social que estamos padecendo puxo de manifesto que o modelo de construción europea que se desenvolveu nas últimas décadas, malia contar con aspectos positivos, presenta graves eivas, xa que a Unión Europea non conta con instrumentos políticos nin económicos que permitan unha verdadeira participación e control democráticos nin, consecuentemente, a posta en marcha medidas en favor

das maiorías sociais. A crise económica está pondo de vulto as disfuncións do modelo, que se traducen nun agravamento das diferenzas non só entre o conxunto de cidadáns, senón tamén entre os distintos países, ata o punto de que se fala xa abertamente dunha Europa de dúas velocidades, abandonando así un principio básico como era, e debe seguir sendo, o da converxencia política e económica, pero tamén social entre os diferentes países e cidadáns que conformamos a UE.

As políticas económicas practicadas actualmente pola Unión Europea revelan unha Europa construída de xeito desordenado e non cooperativo. Os mecanismos de estabilización económica estanse a demostrar inoperantes nun marco en que as ferramentas dispoñibles teñen resultados contraditorios para os distintos actores. Así, a pretendida austeridade (traducida non nunha optimización do uso de recursos públicos senón en recortes a discreción do gasto), na contía e nos prazos impostos, non resolve senón que contribúe a empeorar a situación económica, particularmente dos países da periferia europea. No futuro máis próximo, ademais, as urxencias da crise económica agravan o risco de avanzarmos nunha construción desequilibrada do futuro europeo.

Como consecuencia, estase dando o paradoxo de que a estrutura institucional construída para blindar o respecto á diversidade dos pobos europeos fracasa pola súa debilidade, e permite que o proxecto de unión europea sexa dirixido á vontade, xa non polo eixo franco-alemán, senón pola propia Alemaña. Deste xeito, non consegue frear aquilo que estaba chamado a evitar. En definitiva, cada vez máis a UE se está tornando unha superestrutura ao servizo dos intereses das grandes corporacións económicas e financeiras, ao tempo que deixa de lado as necesidades da cidadanía, o que ten como consecuencia unha desafección crecente desta cara ás institucións europeas. Pero a UE non está xogando o papel que debería xogar non só no eido económico e social, senón que tamén carece dun posicionamento propio no eido da política exterior, chegando mesmo á vergoñosa situación de mirar cara a outro lado perante flagrantes violacións do dereito internacional, dos dereitos humanos máis básicos e das liberdades fundamentais dos individuos e os pobos.

1.3. Estado Español

No Estado Español, a actualidade política, económica e social está marcada polos devastadores efectos da profunda crise económica que provocou un incremento do desemprego que se achega aos seis millóns de persoas, moitas delas en situación de pobreza ou exclusión social. Resulta especialmente preocupante a situación da mocidade, que se ve abocada ao paro, á emigración ou á dependencia económica indefinida das familias.

As políticas postas en marcha durante a pasada lexislatura polo anterior goberno do PSOE iniciaron o camiño dos recortes, mais tamén impulsaron algunhas medidas anticíclicas que insuflaron diñeiro no circuíto económico e que, á marxe de

aspectos criticables, deron lugar a que entre finais do 2009 e inicios do 2010 se invertera a tendencia de caída do PIB. O abandono de medidas de impulso da economía polo actual goberno do PP, dando continuidade, de xeito cada vez máis regresivo, ás políticas de recortes iniciadas na anterior lexislatura, inverteron a tendencia, demostrándose extremadamente prexudiciais para as maioría sociais, así como claramente ineficaces para rachar o perverso círculo vicioso no que estamos aferrollados, e que se resume en que, por causa da baixa do consumo, diminúe a actividade empresarial e aumenta o paro, e por un principio de retroalimentación, o incremento do paro fai que se reduza aínda máis o consumo e a actividade empresarial.

Ao devandito contribuíu sobremaneira a política impositiva do PP, contraria aos principios de progresividade e proporcionalidade. Medidas como a non actualización das pensións consonte o IPC, os repagamentos sanitario e xudicial ou o incremento das taxas universitarias, ademais de inxustas, tamén prexudican seriamente o consumo. Todas elas son políticas restritivas do gasto social e produtivo que non permiten a recuperación económica e ademais poñen en grave risco o estado do benestar laboriosamente conquistado nas décadas pasadas.

Cómpre apartar as tesoiras da educación, a sanidade, os servizos sociais ou o I+D+i, motores e fundamento da igualdade de oportunidades, do dinamismo económico e da creación de valor engadido e emprego. As políticas na liña do cumprimento dos obxectivos de redución do déficit fiscal son necesarias, mais as políticas de austeridade deben concentrarse na estrutura ineficiente do estado, nos privilexios relacionados coa actividade política, na fraude fiscal e nas empresas conniventes cos que nos gobernan. En definitiva, é imprescindible que no Estado español, ao igual que no conxunto da UE, se muden as políticas contra a crise, primando sobre o cumprimento dos obxectivos de déficit -que non é unha causa da crise senón unha consecuencia desta-, as políticas de gasto produtivo, social, en I+D+i, que xeren emprego, riqueza e protección social para todos os cidadáns e cidadás, especialmente para os máis desfavorecidos.

Por outra banda, a crise económica fixo agromar unha fonda desafección cara aos representantes políticos. Deste xeito, quedou patente o enorme divorcio dos partidos con respecto á cidadanía e á súa realidade cotiá, o desleixo do seu labor de receptores e amplificadores das necesidades desta, así como a súa renuncia a un papel de fermento e fortalecemento da sociedade civil, tarefas estas que lles deberan resultar primordiais. Pola contra, os partidos políticos pasaron a converterse en fins en si mesmos e en meros xestores de políticas autistas. Pola súa parte, a maior parte dos cidadáns fai con frecuencia deixación das súas responsabilidades comunitarias, limitadas á emisión dun voto que non esixe practicamente nada a cambio.

O deterioro da democracia constitúe un fenómeno xeneralizado en sociedades fracturadas polo asoballamento dunha economía hipertrofiada e especulativa que mercantiliza o conxunto das relacións sociais, substituíndo os valores

humanos e do ben común pola obsesión co enriquecemento privado e o crecemento económico como única meta das actividades humanas. A extensión deste fenómeno en España constitúe a día de hoxe unha preocupante realidade, consecuencia da falta de reacción dos responsables políticos e dos propios partidos ante a fractura social, o desleixo dos valores comúns, da cooperación e do diálogo construtivo. O resultado máis alarmante deste estado de cousas achámolo nas actitudes de tolerancia con prácticas políticas de dubidosa ética, cando non claramente delituosas.

Outra característica da actualidade política española nos últimos anos veu determinada polo freo e mesmo a involución no desenvolvemento dun Estado autonómico definido pola Constitución española cun enfoque errado –*café para todos*. O goberno español de quenda, en troques de impulsar o proceso descentralizador, desenvolvendo e respectando o marco competencial das diversas comunidades autónomas e corrixindo ou mellorando o deseño territorial do Estado mediante as reformas estatutarias e mesmo constitucionais precisas, preferiu poñer atrancos e seguir sementando a discordia e a desconfianza cara ás autonomías, alentando os sentimentos máis retrógrados dos españois e reforzando posicións recentralizadoras.

A negativa a transferir novas competencias aos gobernos autonómicos –como as competencias de tráfico e seguridade vial ao Goberno galego– ou o recorte que efectuou o Tribunal Constitucional sobre o Estatuto catalán constitúen evidencias desta política involutiva que a día de hoxe, xa convertidas descaradamente nunha política ultracentralista, o Partido Popular quere, so pretexto de reducir o déficit, culminar coa supresión de competencias e a xibarización das institucións de autogoberno das comunidades. A aposta soberanista do goberno catalán evidencia, unha vez máis, a necesidade de pechar definitivamente o proceso de deseño territorial: simplificación e racionalización dos diversos ámbitos, suprimindo os residuos superfluos da Administración central e provincial, e estruturación e encaixe da administración local, co horizonte posto nunha España, esta vez si, verdadeiramente plurinacional na que, garantindo os dereitos dos pobos que a integran, todos nos poidamos sentir cómodos.

1.4 Galicia

As políticas impostas desde a chegada do PP ao Goberno galego tralas eleccións autonómicas de 2009 non fixeron máis que agravar a crise económica, provocando un deterioro gravísimo dos servizos públicos (especialmente da sanidade, a educación e os servizos sociais), o que empeorou de forma directa e inevitable a calidade de vida das persoas. Ademais, este cambio de goberno propiciou un ataque directo e sen precedentes aos principais sinais de identidade de Galicia, como son o idioma e a cultura. Do mesmo xeito e nunha acción calculada, o goberno de Feijoo dedicou a súa primeira legislatura a eliminar, de forma simbólica e real, os logros máis significativos do goberno anterior. Esta manobra foi facilitada pola actitude timorata dos propios BNG e PSOE, que quedaron sen argumentos ante a

sociedade despois de facérenlle internamente unha emenda á totalidade á etapa de goberno compartido que eles mesmos protagonizaran.

É de especialmente perniciosa a sangría de capital humano está abandonando o país por ausencia de horizontes laborais e de apoio institucional ás persoas emprendedoras. Se é certo que a emigración nunca cesou en Galicia, máis certo é que durante esta última lexislatura se acentuou gravemente. Galicia non pode saír adiante cando a súa maior riqueza (o seu capital humano) se perde, pois os seus cidadáns e cidadás se ven obrigados a deixar a terra para gañar a vida noutros lugares por falla de oportunidades no seu propio país.

Ata este momento, o discurso político do señor Feijoo lévase sustentado en argumentacións baleiras, como son a austeridade e a eficacia na xestión, que ademais de seren enganosas, non significaron nin significarán mellora ningunha para o conxunto dos galegos e galegas. Tomando como referencia o indicador económico ou social que se queira, resulta evidente que a día de hoxe Galicia está peor que en 2009, froito da crise, sen dúbida, mais agravada por unha nefasta xestión do Partido Popular, sustentada nun goberno dun baixísimo perfil político que renunciou a gobernar como corresponde unha comunidade histórica -unha nación como Galicia- e se conformou con xestionar un goberno autonómico degradado.

Unhas veces por acción e outras por omisión, o Goberno galego do PP, co Alberto Núñez Feijoo á fronte, ten contribuído a que Galicia perdesse importantes oportunidades para avanzar cara a un futuro máis próspero, sen que fíxese nada por evitalo. Así, Galicia perdeu o control das dúas caixas galegas que, independentemente de que estivesen pesimamente xestionadas, constituían un instrumento financeiro de primeira orde, imprescindible para contribuír ao desenvolvemento económico e industrial do noso país.

Pola súa banda, os dous partidos da oposición demostraron sobradamente a súa incapacidade de visualizar ante a cidadanía galega a incompetencia do Goberno do PP. As eleccións de Outubro de 2012, nas que o Partido Popular volveu acadar a maioría absoluta, amosaron a incapacidade da oposición por impulsar unha alternativa de goberno percibida como sólida e útil pola maioría do electorado. Ademais, a forte abstención é un síntoma explícito da desafección aos partidos políticos. Isto pode comprobarse nos centos de milleiros de votos que perderon tanto o PSOE e BNG, así como o PP, que só saíu beneficiado na representación parlamentaria grazas á lei electoral. En definitiva, as eleccións de outubro de 2012 deixaron claro que a xente non confía nas forzas políticas tradicionais.

Neste contexto de profunda crise económica social, cultural, e política, tanto en Europa coma no Estado español e en Galicia, é no que nace un novo proxecto político que pretende defender os sinais de identidade e os intereses de Galicia e transformar progresivamente a crítica realidade social, económica, demográfica e cultural do noso país mediante o exercicio do autogoberno e o impulso de políticas innovadoras e ambiciosas, pero á vez realistas e prácticas, cun obxectivo

irrenunciabile: atinxir as maiores cotas de benestar social e de riqueza para o conxunto dos galegos e galegas.

II. DEFINICIÓN POLÍTICA E IDEOLÓXICA DE COMPROMISO POR GALICIA

1. Introducción

Compromiso por Galicia nace nun contexto en que as organizacións políticas existentes en Galicia nin dende as institucións nin dende a oposición son quen a dar resposta ás necesidades sociais e as inquedanzas políticas da cidadanía. Os partidos estatais demostraron a súa escasa capacidade e disposición para defender os intereses galegos.

O Partido Popular atópase en plena deriva centralista e dereitista, mentres que o PSdG/PSOE mostrouse incapaz de artellar un proxecto autónomo para Galicia. Ambos os dous partidos están fundamente involucrados na dexeneración do sistema político español e no impulso dun modelo socioeconómico fundado na especulación financeira e inmobiliaria e mais no endebedamento masivo e o diñeiro fácil, que se revelou como unha inmensa fraude. Ultimamente, tanto o un coma o outro veñen defendendo saídas desastrosas á crise, conducentes a un continuo deterioro da economía e contrarias aos intereses das maiorías sociais.

Por outra banda, unha parte das forzas nacionalistas está gravemente lastrada por unha cultura política inmovilista, ancorada nunha visión da sociedade profundamente desaxeitada e contaminada polos vicios que corroen os grandes partidos estatais (como a burocratización e profesionalización dos políticos e da política). Así, non foi quen de centrar os seus obxectivos no pulo da construción nacional e das políticas favorables á maioría do país, apoiándose na súa presenza institucional e na súa xestión de goberno. Como consecuencia, o electorado galego non considerou as alternativas nacionalistas como opcións reais de poder, especialmente de cara á Xunta de Galicia. O PSdG/PSOE e o BNG tiveron serias dificultades para presentar unha alternativa sólida para gobernar o noso país, por falta dun proxecto estratéxico, individual ou compartido, para a autonomía de Galicia, salvo precisamente no período do goberno de coalición da Xunta (e isto con fortes resistencias e atrancos dentro de cada un dos partidos).

O nacionalismo galego debe superar marcos ideolóxicos, análises da realidade, fórmulas organizativas, discursos e modos de actuación obsoletos, experimentados ata a sociedade nas pasadas décadas e comprobados como inservibles. O noso país precisa dunha forza política soberana, non dependente de instancias alleas, que asuma como tarefa prioritaria a construción nacional de Galicia en clave inequivocamente democrática e progresista. Unha forza galeguista e transformadora, capaz de ofrecer dende a esquerda respostas eficaces ás necesidades do noso pobo, solucións á altura

dos gravísimos desafíos actuais, propostas que creen un horizonte de futuro prometedor e que nos axuden a saír do marasmo en que está mergullado o noso país.

2. A nosa definición ideolóxica: galeguismo, progresismo e socialdemocracia renovada

Da consciencia desa urxente necesidade nace **Compromiso por Galicia**, unha organización política que se declara como galeguista, progresista e socialdemócrata, de base plural, comprometida coa xustiza e a igualdade, que se marca como obxectivos principais a defensa dos intereses colectivos de Galicia, da súa identidade e dos seus dereitos, así como a transformación da súa realidade económica, social e cultural, para conseguir o desenvolvemento integral do noso pobo.

► **Galeguista** ou, o que é o mesmo, **nacionalista** cívica, porque sostemos que Galicia é unha nación cunha identidade, unha cultura e unha lingua de seu, pero tamén cuns intereses económicos e políticos específicos. A principal razón de ser de Compromiso por Galicia é defender os intereses do país no seu conxunto, traballando para transformar a súa realidade nas súas distintas facetas, co obxectivo de acadar as maiores cotas de igualdade, liberdade e prosperidade para a súa cidadanía, valorizando e promovendo os seus principais sinais de identidade: o noso idioma e a nosa cultura nas súas ricas e orixinais manifestacións cultivadas e populares –tanto tradicionais coma contemporáneas–, o noso territorio espoliado, o noso medio ambiente e as nosas paisaxes brutalmente agredidos, o noso desleixado patrimonio artístico-monumental, a memoria da nosa historia e a promoción de formas de expresión diferenciais que constrúan a nosa identidade presente e futura, en permanente diálogo co noso tempo, sabendo conxugar tradición e vangarda.

Compromiso por Galicia funde as súas raíces ideolóxicas e culturais no galeguismo democrático e universalista que durante a IIª República impulsou a autonomía, defendeu o país, cun regueiro de mártires, fronte ao fascismo, e resistiu contra a ditadura franquista mantendo vivo o facho da nosa cultura tanto no interior coma no exilio e a emigración. Tamén nos consideramos continuación do nacionalismo que pulou desde a transición política pola conquista das liberdades e a ampliación da democracia, pola defensa dos intereses populares, pola reivindicación do idioma e a cultura galegas, pola autoorganización do noso pobo e polo autogoberno da nosa nación.

En definitiva, sentímonos parte de toda a corrente histórica que loitou pola creación dunha identidade galega afirmada na propia cultura e aberta ao diálogo paritario coas outras culturas, pola concienciación do pobo galego na defensa e promoción dos seus intereses colectivos, dos seus valores, do seu territorio e do seu patrimonio e pola capacitación política e a emancipación social da cidadanía galega.

O galeguismo histórico esforzouse desde os seus inicios por colocarse á altura do seu tempo, situándose no primeiro posto en defensa do noso pobo e a prol da salvagarda das liberdades e da difusión da cultura. A ampla e fonda inspiración progresista que moveu os nosos precursores –desde Rosalía de Castro e Manuel Murguía ata Castelao, desde Curros Enríquez a Alexandre Bóveda, de Alfredo Brañas a Ramón Otero Pedrayo, e desde estes a Ramón Piñeiro, Luís Seoane, Francisco Fernández del Riego ou Avelino Pousa Antelo–, para responder desde Galicia e en galego aos desafíos do seu tempo é substancialmente a mesma que nos move a nós hoxe, cun interese especial pola actualización dun pensamento e dunha produción cultural galegos que, sen esquecermos o proceso de construción dunha identidade propia, respondan ás inxerencias das novas xeracións que xa definen Galicia desde perspectivas renovadas e acordes co cambiante mundo actual.

Compromiso por Galicia porá o seu empeño en que o sentimento de pertenza a un país diferenciado, a unha nación, sexa libremente asumido por unha ampla maioría da nosa sociedade, ao tempo que acepta como propia a ricaz pluralidade desta, sen pretender postularse como propietaria ou custodia dunhas presuntas esenciais patrias. Somos conscientes de que para sermos nación feita e dereita cómpre o recoñecemento e a adhesión voluntaria ao proceso de construción nacional da maioría da cidadanía e que iso implica pola nosa banda que o nacionalismo acepte como unha riqueza a diversidade irreductible dun corpo social heteroxéneo e complexo. Consideramos como un desafío propio transformar o evidente sentimento de galeguidade, o galeguismo difuso arraizado na cidadanía, en galeguismo político e operativo, isto é, en nacionalismo cívico. Compromiso por Galicia considera a defensa e a promoción da cultura e da lingua galega, a loita pola súa completa normalización desde unha perspectiva aberta, convivencial e integradora, como uns dos seus principais desafíos e máis sobranceiros sinais de identidade, do mesmo xeito que a cultura e o propio idioma o son do pobo galego.

Neste sentido, e seguindo a tradición histórica do Partido Galeguista, Compromiso por Galicia procurará afondar no relacionamento cos países da Lusofonía, con quen compartimos as raíces lingüísticas e culturais. Mais non o fará só a nivel retórico. Aspiramos a que ese relacionamento sirva tamén para aprofundar na xeración de riqueza e aumento do benestar da cidadanía galega. Para iso promocionaremos de forma seria e sistemática os intercambios económicos, tanto a través do comercio de produtos de consumo material, como dun relacionamento cultural que permita que gocemos da produción cultural portuguesa, brasileira e dos países africanos. Mais queremos que eses países tamén sexan receptores da nosa produción cultural, quer musical, quer literaria, quer teatral ou de calquera outro tipo, xerando beneficios económicos para o noso país. Nese sentido vemos como indispensable iniciar dun xeito decidido a promoción do ensino da lingua portuguesa no ensino primario e secundario e a recepción dos canais portugueses como primeiros pasos nese camiño.

► **Socialdemócrata e progresista**, comprometida coa xustiza e a igualdade, porque Compromiso por Galicia se sente parte e continuador das correntes que con orixes e inspiracións diversas favoreceron o progreso económico en Europa e no mundo con altas cotas de igualdade e inclusión social, en plena sintonía coa liberdade individual e colectiva e cos avances democráticos e de emancipación social e de xénero. Correntes que van dende o socialismo integrador no sentido da xustiza social ao liberalismo progresista no sentido das liberdades e os dereitos persoais, e abranxen o humanismo e os movementos de emancipación nacional, o sindicalismo, o feminismo, o ecoloxismo, as mobilizacións contra a discriminación racial, polos dereitos civís, a favor das minorías e a prol da igualdade.

Defendemos un modelo económico e social no que o conxunto da sociedade, en plena liberdade e sen exclusións, teña acceso en condicións de igualdade a uns servizos básicos, universais, públicos e de calidade e poida corresponsabilizarse da súa xestión mediante un sistema de participación de redes cidadáns na administración pública. Así mesmo, propugnamos a igualdade entre os xéneros, a sustentabilidade ecolóxica, o pacifismo, a solidariedade internacional e os dereitos humanos e dos pobos.

A crise en que viven boa parte dos partidos europeos de definición socialdemócrata e progresista procede do abandono dos que foran eixos fundamentais da súa acción política, tales como a necesidade de regulación dos mercados (en particular dos financeiros) por parte dos poderes públicos, o valor social e redistributivo das políticas fiscais progresivas ou o papel estabilizador dos orzamentos. Cómpre por tanto recuperar principios esenciais do vello modelo social europeo que, máis que seren obsoletos, foron esquecidos nas últimas décadas. Cómpre escoitar, analizar e debater para, posteriormente, ofertar as propostas encamiñadas a procurar o mellor para o noso País e o ben común dos que nel vivimos, veñan de onde viñeren, sen deixarnos atrapallar por preconceptos.

Mais tamén somos conscientes que as formulacións socialdemócratas clásicas deben ser convenientemente actualizadas en varias vertentes. En primeiro lugar, debemos ter en conta que as relacións económicas e sociais na actualidade distan moito da que caracterizaron o período de posguerra no século XX. As mudanzas na estrutura produtiva deron lugar a novos grupos sociais e profesionais que rachan coas vellas dicotomías e requiren respostas acaídas dende o punto de vista político.

Cómpre actualizar as funcións clásicas dos poderes públicos, a estabilización económica, a redistribución da renda e a provisión dos servizos públicos, incorporando os novos retos enerxéticos e medioambientais. O aforro enerxético e a promoción de enerxías limpas son na actualidade desafíos de carácter estratéxico. Pero, ademais, os retos e as posibilidades do cambio tecnolóxico e as súas aplicacións requiren respostas para o conxunto das sociedades, capaces de modificar as condicións sociais, laborais e ambientais a prol da maioría.

En segundo lugar, cada día é máis evidente a necesidade de poñer límites ao crecemento económico dende unha perspectiva de sustentabilidade medioambiental e social. As políticas que acrediten en valores humanistas e democráticos teñen a obriga de poñer o foco de atención nos efectos dunha economía global baseada nun crecemento sen límites sobre un mundo que si ten límites. E facelo mirando non unicamente aos problemas de esgotamento e destrución dos recursos ambientais, senón tamén aos problemas sociais e morais que se derivan da mesma: desigualdades sociais, desequilibrios norte-sur, deslocalización, deshumanización das relacións laborais, exterminio de pobos, guerras...

Cómpre tamén dende o ámbito público, e dende a esfera de influencia dos partidos políticos, alentar iniciativas cidadáns e políticas de compromiso con proxectos de economía social que promovan modelos de economía alternativa e do ben común: educación ambiental, comercio xusto, banca solidaria, cooperativismo empresarial e de consumidores, relocalización, agricultura ecolóxica, ou calquera outra que se oriente á prevención do deterioro do planeta, a diminución da pegada ecolóxica das accións humanas e a conseguir sociedades máis humanas, solidarias, xustas e felices.

Por parte, os partidos socialdemócratas e progresistas pagaron e seguen a pagar a burocratización das súas estruturas organizativas e o hermetismo das mesmas diante da sociedade. Por iso é necesario abrir as estruturas partidarias á cidadanía, mudar e innovar nas maneiras de participar nas decisións das organizacións políticas e apostar en definitiva pola rexeneración democrática na práctica política e institucional. Nun contexto de profundísimas mutacións de todo tipo que nos apuxan a un escenario radicalmente inédito, nun momento de crise e desconcerto xeral provocados pola obsolescencia dos vellos paradigmas ideolóxicos e a superación dos esquemas políticos tradicionais, admitimos que non temos respostas definitivas nin podemos prometer receitas máxicas. Somos conscientes, iso si, de que nin o regreso a fórmulas do pasado nin a reafirmación de antigas certezas constitúen saídas acaídas. Comprometémonos, pois, a procurar novas propostas, á altura dos enormes retos do noso tempo. Temos a convicción de que as propostas para achegarnos aos nosos ideais só poden saír do contraste de ideas, do diálogo respectuoso e aberto, dunha síntese entre as distintas correntes progresistas e coa achega de novas visións, impulsando experiencias inéditas e en dialéctica constante coa realidade social en que estamos mergullados.

Xa que logo, propoñémonos asumir o valor da nosa propia diversidade para convertela en fonte de enerxía renovadora. Iso esixe manter, tanto dentro na nosa organización como cara a fóra, un talante depurado de preconceitos, decote disposto á colaboración e á indagación, nun ambiente de discusión libre e cooperativa, refugando o dogmatismo, rexeitando o doutrinarismo e ao mesmo tempo evitando a caída nun ideoloxismo esterilizante.

A saúde democrática dun país tamén depende da capacidade de participación e mobilización da súa sociedade; por iso cómpre un diálogo fluído entre as organizacións políticas e os axentes e movementos sociais. É por iso que **Compromiso por Galicia** quere constituírse nun laboratorio de ideas, de propostas e de experiencias útiles para o presente e para o futuro, sempre pensando nos intereses da maioría. Ante unha sociedade fragmentada, insolidaria e en descomposición, en que os individuos se atopan illados e moitas veces desprotexidos, traballaremos pola emerxencia de suxeitos individuais e colectivos que dende a conciencia e a vontade loiten por superar a polarización actual mediante unha actividade política transformadora e radicalmente democrática, para institucionalizar unha nova sociedade baseada no respecto dos dereitos fundamentais.

É por iso que propugnamos unha revolución tranquila, fundada en propostas, iniciativas e experiencias construtivas, capaces de suscitar asensos sociais maioritarios e que se orienten cara a unha efectiva transformación gradual e progresiva das condicións económicas, sociais e culturais do noso pobo, do conxunto do Estado español, de Europa e da humanidade. Xa que logo, **Compromiso por Galicia** proclámase como unha forza con decidida **vocación transformadora**, pois temos a certeza de que tanto a Galicia actual como o sistema político, económico e social vixentes esixen profundas reformas para avanzarmos cara a unha sociedade máis democrática, máis xusta, máis culta e máis próspera. Pero esas reformas só poderán realizarse conseguindo o apoio de amplos sectores sociais e con medios pacíficos e democráticos, a través da propostas políticas dirixidas á maioría.

Compromiso por Galicia acredita na confrontación libre dos proxectos como vía para converterse na forza política de referencia para a sociedade galega. Xa que logo, ten como obxectivo irrenunciábel acadar o apoio da maioría social a través do convencemento dunha cidadanía madura e plural. Coa nosa práctica política e coas nosas propostas tentaremos conseguir que a ampla franxa galeguista e progresista da cidadanía galega considere o noso partido como un instrumento idóneo para acadar obxectivos colectivamente compartidos.

3. Os nosos piares estratéxicos: benestar, autogoberno, democracia, reformismo, iniciativa

Os obxectivos políticos prioritarios de **Compromiso por Galicia** enmárcanse en cinco grandes eixos:

1. A defensa e extensión do estado de benestar, das conquistas sociais e dos dereitos laborais que caracterizan as sociedades democráticas máis avanzadas do planeta. O estado debe crear as condicións para o benestar, fundado nunha sólida cohesión social e na igualdade real de oportunidades para todos os cidadáns e cidadás. Os piares do estado do benestar son un sistema educativo, unha sanidade e

uns servizos sociais básicos, públicos e con cargo á Administración, de cobertura universal, isto é, ao alcance de todos e todas. O estado de benestar senta o marco idóneo para un desenvolvemento económico dinámico, equilibrado e equitativo, ao que pode colaborar e do que pode beneficiarse o conxunto da cidadanía.

2. A promoción do ben común e da iniciativa individual. O desenvolvemento económico e a conseguinte xeración de riqueza son condicións indispensables para o sostemento do estado de benestar. Propugnamos un modelo baseado na iniciativa, no coñecemento e na creatividade, no que a economía estea ao servizo da maioría e do progreso integral das persoas, e non exclusivamente das elites privilexiadas.

O modelo económico e social que defendemos valorizará a iniciativa privada e a creatividade e promoverá os proxectos empresariais innovadores, orientados a producir riqueza e ao mesmo tempo responsables e respectuosos cos dereitos laborais, o territorio e o medio ambiente. Debemos escoitar a todas aquelas persoas con proxectos innovadores e crear as condicións para que poidan desenvolvelos no país. Cómpre sermos cómplices deste tipo de iniciativas para acadarmos así unha sociedade civil e un tecido produtivo máis dinámico, máis forte e máis responsable nos eidos social e medioambiental.

Apostamos pois por un modelo que asume os principios da economía social de mercado e da cooperación e que se orienta cara á sociedade do coñecemento e a innovación, pero que somete esta á regulación, fiscalización e ao control das institucións públicas, de maneira que a produción sexa posta ao servizo da satisfacción das necesidades básicas da sociedade, co obxectivo de facer extensible o benestar social ao conxunto da cidadanía. Nese sentido, apostaremos se for necesario pola reversión do control público directo dos grandes monopolios outrora privatizados como os referidos ao sector enerxético e outros.

3. A afirmación e robustecemento do autogoberno de Galicia, co incremento da capacidade de decisión da cidadanía galega e o reforzamento das súas institucións autónomas, así como coa aproximación á cidadanía dos órganos políticos que tomas decisións e as institucións que as executan. Tanto a promoción dos intereses xerais do pobo galego coma a participación e o control democráticos estarán máis e mellor garantidos con institucións propias que sirvan de canle para o desenvolvemento pleno da personalidade e das potencialidades do noso país.

Para poder cumprir os obxectivos que Compromiso por Galicia pretende conseguir en beneficio das nosas xentes e da nosa terra, precisamos acadar as maiores cotas de autogoberno para o noso país. A demanda dos maiores niveis de competencias políticas, fiscais, económicas e financeiras, en definitiva de máis autogoberno, fúndase no convencemento de que este é sinónimo de máis riqueza e benestar para os cidadáns e cidadás. Entendemos a soberanía nacional como o noso obxectivo estratéxico, mais asumindo que o noso obxectivo inmediato é pular pola

creación de identidade e ampliar a base social que se define como galeguista.

4. A rexeneración democrática, fundada nunha cultura civil máis madura e responsable e unha maior esixencia ética no desempeño dos cargos públicos, e que implica proximidade, transparencia e control cidadán das institucións. A corrupción, o clientelismo, o favoritismo, ademais de seren radicalmente inxustos, danan seriamente o exercicio da democracia e constitúen gravísimos atrancos para o desenvolvemento económico e a igualdade social.

Como forza política nova e permeable ás demandas da cidadanía, Compromiso por Galicia comprométese firmemente coa rexeneración democrática e co impulso á participación cidadá na vida pública e na actividade política, asumindo como principios básicos a responsabilidade, a transparencia e a esixencia ética no desempeño de cargos públicos, un réxime estrito de incompatibilidades e a eliminación de privilexios para estes cargos, a limitación de mandatos tanto nos partidos coma nas institucións, as listas abertas e a celebración de eleccións primarias para a proclamación de candidatos/as ás alcaldías e á Presidencia da Xunta, abertas á participación de afiliados/as e simpatizantes e da poboación en xeral. Adoptamos tamén como obxectivo a medio prazo implantar a norma de Transparencia Internacional na que as medidas de transparencia e esixencia ética se trasladen e apliquen ao conxunto dos poderes públicos.

A cultura política que propugnamos fundarase no republicanismo: respecto polas leis, rectitude ética, responsabilidade individual, prioridade dos intereses colectivos, talante de colaboración, actitude construtiva e vontade participativa.

5. O reformismo. A extensión do estado de benestar, o autogoberno, e a rexeneración democrática son piares todos eles que poñen de vulto a necesidade dunha visión reformista que cómpre propoñer en positivo e coa valentía suficiente. A día de hoxe existen dúas visións diferenciadas sobre o funcionamento da administración pública: por un lado, están as teorías ultraliberais e neoconservadoras, representadas e defendidas polo Partido Popular, que manipula as carencias organizativas e de xestión das administracións públicas como chibo expiatorio de todos os males. Porén, non toma ningunha medida para corrixir isto, senón que o utiliza como escusa e coartada para xustificar diante da cidadanía a privatización de servizos públicos básicos para entregárllelos a empresas afíns; por outra banda están os partidos de esquerda máis ortodoxos, que traballan baixo a premisa de que calquera crítica á pouca eficiencia, mala xestión ou falla de control na administración pública é un ataque orquestrado dende os poderes fácticos da dereita para acabar cos servizos públicos.

Compromiso por Galicia preséntase diante da sociedade como unha forza renovadora e transformadora, que defende radical e sinceramente os servizos públicos, e por iso, porque realmente nos importan, desexamos preservar a súa

natureza pública pero sen renunciar a melloralos. Somos conscientes das eivas existentes a día de hoxe na estrutura, organización e xestión dos recursos públicos, por iso mesmo propoñemos definir procesos en forma de auditorías periódicas que nos permitan dotarnos dunhas administracións eficientes e áxiles, capaces de adaptárense aos cambios desta sociedade tan dinámica, que se poñan ao servizo das persoas e que deixe de ser, como ocorre en moitos casos, ferramentas inmovilistas e enferruxadas que xa non atenden á súa finalidade principal, que é servir á xente.

En definitiva, Compromiso por Galicia defende aplicar as reformas precisas que permitan reestruturar as administracións a todos os niveis co obxectivo de maximizar os recursos e apuntalar aqueles servizos imprescindibles para o estado de benestar, como son a sanidade e educación públicas e de calidade, así como a facilidade de acceso a unha vivenda digna.

4. Un novo modelo económico internacional

O modelo de crecemento económico que sustentou o capitalismo financeiro occidental nos últimos decenios esta nunha crise sistémica que non ten recuperación posible. A pesar do ascenso dos países emerxentes como China, tampouco este modelo serve, xa que as súas bases sostéñense en manter uns baixos niveis de vida das poboacións locais, mesmo en condicións de sobreexplotación da súa poboación, nun consumismo depredador dos países occidentais, nunha acumulación sistemática de materias primas en poucas mans (un novo colonialismo) e mesmo de recursos esenciais para a supervivencia do planeta. En definitiva nin modelo especulativo financeiro occidental, nin “desarrollismo” depredador e inhumano oriental. Estes dous modelos poñen o mundo ao pé do precipicio.

Compromiso enmárcase nunha corrente política das organizacións que participan na necesidade de fundar unha nova orde económica mundial, baseada nos seguintes criterios:

- Protección e intervención pública nos bens e servizos esenciais para a comunidade. A auga, o aire, os recursos naturais do subsolo e da biosfera, opoñéndonos á posibilidade de patentar a xenética e a composición dos recursos naturais, que deben ser patrimonio da humanidade. Todos estes bens deben ser protexidos e postos a disposición dunha economía social que os protexa da depredación. So así se garante a súa sustentabilidade e beneficio social. Non existirá economía sustentable sen intervención pública.

- Apoio decidido a políticas e modelos económicos que dean prioridade á busca do ben común sobre os beneficios privados e que poñan freo ou mesmo revertan o proceso de deterioro do planeta: impulso de medidas fronte ao cambio climático, aposta por políticas de promoción das enerxías limpas e de eficiencia enerxética, políticas de protección do medio natural xeradoras dunha nova cultura do territorio, promoción de medidas efectivas de uso e consumo de bens, políticas fiscais

que premien as actividades económicas sostibles, fomento da educación en valores de cooperación, solidariedade e civismo.

- Confianza na iniciativa privada para afrontar os novos retos da actividade económica. A sociedade no seu conxunto e os individuos en particular deben recuperar o seu protagonismo na actividade económica. Esa debe ser a consigna, reapoderamento da sociedade civil, fronte as corporacións financeiras. O apoio ás persoas emprendedoras, ás pequenas e medianas empresas, aos nosos produtores e exportadores, en definitiva o apoio ao máis próximo para poder participar dunha economía globalizada.

- Intervención nos mercados financeiros internacionais establecendo controis e taxas ás transaccións financeiras, non só con fins recadatorios, se non tamén disuasorios, que impidan a especulación masiva e a malversación e depredación dos aforros e investimentos produtivos. Abordar unha política decidida de persecución a evasión fiscal, rematando coa existencia dos chamados paraísos fiscais.

- Reversión, en definitiva, do empobrecemento de amplas capas da poboación en beneficio dunha minoría. Apostar por unha sociedade de ben común e máis igualitaria, revertendo a crecente tendencia ao reparto cada vez máis desequilibrado das rendas entre a elite privilexiada e o conxunto da sociedade.

- Procura dun novo modelo de relacións económicas internacionais. Nos últimos decenios as organizacións internacionais de comercio, estaban preocupadas en facilitar e minorar as barreiras comerciais entre os países, para lograr máis actividade comercial, impondo formulas que xeneralizaron os oligopolios e a deturpación da actividade de intercambio económico. Cómpre unha virada de 180 graos. Esas organizacións deben afianzar a calidade dese comercio, os tratos en pe de igualdade, a súa seguranza xurídica e o apoio e impulso dos países e economías máis febles. Deben perseguirse os incumprimentos flagrantes dos dereitos humanos no eido das relacións laborais en todos os países que forman parte da Organización Mundial co Comercio. Sen xustiza e solidariedade internacional non haberá paz entre os pobos e no planeta.

5. Outro lugar en España e outra Europa son posibles

5.1. Cara a un Estado confederal e plurinacional

Reclamamos o recoñecemento do dereito do pobo galego a decidir libremente a relación que quere ter co Estado español que, en todo caso, non pode ser unha relación de subordinación, senón de igualdade. Xa que logo, é un obxectivo estratéxico de Compromiso por Galicia que Galicia sexa recoñecida plenamente como nación e en consecuencia que o Estado español asuma plenamente o seu carácter

plurinacional, plurilingüe e pluricultural. Compromiso por Galicia traballará a prol da autodeterminación do noso pobo, entendida como dereito dos galegos e galegas a decidiren libremente o futuro do seu país.

Cómpre que España se vertebre como Estado confederal plurinacional, isto é, un estado asentado no recoñecemento da singularidade, da soberanía e do dereito ao autogoberno das distintas nacións que o conforman; un estado artellado mediante fórmulas federais e confederais que van esixir o total e irrestrito autogoberno de Galicia e das demais nacións no que atinxe á lingua, cultura, dereito, fiscalidade, xustiza e administración local. Isto vai esixir fórmulas de goberno con competencias compartidas, acorde tamén aos principios de racionalidade e eficiencia na xestión pública. Estamos certos que, deste xeito mellorará a convivencia e o recíproco coñecemento entre os distintos pobos españois. Asemade, entendemos que o réxime político máis acorde cos principios democráticos é a república.

5.2. Cara a unha nova Europa

Galicia pertence por cultura, historia, dereito e mesmo polas súas estruturas económica e social á Europa. A Unión Europea, con todas as súas moitas e graves eivas é o ensaio máis serio de superar os enfrontamentos, crear un mercado común, impulsar a cooperación en todas as ordes e pór os alicerces para a unidade política de Europa. Porén, vivimos unha conxuntura de euroescepticismo, porque os políticos europeos non saben estar á altura dos retos do presente. Europa construíuse de xeito burocrático e desequilibrado, sen reparar nos obxectivos comúns, ao lor de presións partidistas, atendendo máis aos intereses das grandes corporacións ca aos da cidadanía, primando o poder do Banco Central Europeo sobre o das institucións europeas representativas, fomentando non tanto os espazos de colaboración e sinerxia entre estados como os da competencia entre estes.

Compromiso por Galicia declárase decididamente europeísta, pero fai unha valoración fundamente crítica do déficit democrático das institucións europeas e do papel que están xogando. A cidadanía europea ten moi escasas posibilidades de participación real e de exercicio dun verdadeiro control democrático sobre os principais organismos de goberno da Unión Europea, nomeadamente no eido económico e financeiro. Compromiso por Galicia aposta decididamente pola construción europea a través dos pobos que compoñen o vello continente e da democracia, que debe ser fin e medio da Unión.

A Unión Europea precisa dun pulo federal, da participación e da lexitimidade democrática, de pór ao servizo dos pobos europeos as institucións comúns, a Comisión e o Parlamento. Precisa dun Presidente elixido polo voto da cidadanía europea, dunha única política de defensa e dunha única diplomacia. Precisa dunha Facenda común dotada de máis recursos para desenvolver as súas políticas, da coordinación das políticas fiscais dos Estados e Gobernos territoriais e dun auténtico Banco Central Europeo suxeito ao control das Institucións europeas, sen prexuízo da súa

autonomía de xestión, que garanta a viabilidade das emisións de débeda dos Estados e dos Gobernos territoriais. Europa precisa pór en marcha unha política común internacional e de seguranza, facendo valer os seus intereses conxuntos e promovendo os seu valores comúns: a paz, a democracia, os dereitos humanos, a cooperación internacional, a defensa do medio ambiente, o desenvolvemento igualitario.

Cremos, pois, nunha Unión Europea baseada na vontade común da cidadanía. E pensamos que os Estados hanlle ceder a esta Unión moitas das súas competencias. Mais pensamos, tamén, que os pobos, as rexións e as nacións sen Estado deben asumir un novo protagonismo. Galicia ten que deixarse oír directamente en Europa en defensa dos seus intereses, Galicia ten que participar na definición da política europea do Estado español. Somos europeos e cremos en máis e mellor Europa. Na Europa do progreso e da cohesión social, na **Europa democrática e federal dos pobos e dos cidadáns e cidadás**.

III. ESTRATEXIA POLÍTICA DE COMPROMISO POR GALICIA PARA OS VINDEIROS TEMPOS

1. O escenario político após o 21 de Outubro

Os resultados das eleccións do 21 de Outubro foron, máis que unha vitoria do Partido Popular, unha derrota dos partidos da oposición con representación institucional ata ese momento. A inexistencia dunha alternativa de goberno sólida e fiable explica non só o incremento de escanos do PP senón tamén a eclosión de AGE como terceira forza política, unha coalición formada unhas semanas antes das eleccións, cun liderado coñecido e recoñecido electoralmente como o idóneo para realizar unha oposición dura na lexislatura que agora comeza.

Mesmo nunha situación de forte crise económica, social e política como a actual, un goberno como o do Partido Popular nos anos 2009-12 cun balance moi negativo canto ao desenvolvemento económico e ao benestar social, foi quen de recuncar. O corpo electoral galego replicou dese xeito os comportamentos conservadores doutros países europeos onde a crise está a golpear de cheo, dunha maioría cidadá que ve con tremenda preocupación o que está acontecendo pero que antes de iniciar aventuras incertas fica na casa ou escolle malo coñecido. É por iso polo que consideramos que para que se produza unha mudanza política en Galicia, ao igual que no resto de Europa, son necesarias alternativas cribles, sólidas e que teñan en conta as demandas da cidadanía.

No eido das forzas co centro de decisión en Galicia, o 21 de Outubro é a ratificación de que estamos diante dun punto de inflexión na historia recente do nacionalismo galego. O BNG veu acentuado, dun xeito dramático, o declive iniciado xa en 2001 e o ascenso de AGE –aínda sendo unha coalición cunha forza política de obediencia Estatal- veu a demostrar que había vida para o nacionalismo e o

galeguismo fóra do BNG.

Canto á nosa proposta electoral, Compromiso por Galicia non foi quen de facerse sitio nestas eleccións debido tanto ao descoñecemento das nosas siglas e dos nosos referentes como pola falta de recursos económicos e materiais e, sobre todo, por verse eclipsada polo papel de AGE durante a campaña electoral. A pesares dos nosos esforzos, os votantes coñecedores e mesmo simpatizantes da nosa proposta electoral optaron polo voto útil a AGE e en menor medida ao BNG. Aínda así, a nosa participación nestas eleccións resultou positiva en primeiro lugar porque significou un incremento do nivel de coñecemento da nosa “marca” e dos referentes que participaron na campaña electoral. En segundo lugar porque foi un exercicio de aprendizaxe a nivel organizativo e electoral e fomos quen, a pesares dos múltiples erros e eivas, de presentar unha proposta ao conxunto do país nun tempo récord. E finalmente, alí onde Compromiso ten unha presenza significativa a nivel organizativo os resultados obtidos –aínda cun electorado actuando en clave galega- foron significativos e abren a porta á esperanza de cara ás vindeiras eleccións municipais.

Sendo certo que ficar fóra do parlamento deixa a Compromiso por Galicia sen unha panca moi importante para proxectar as nosas propostas e para visualizarnos diante da sociedade, o certo é que o escenario que se abre agora na política galega deixa un espazo claro para unha forza política co centro de decisión no país e cun proxecto progresista e cos pés na terra, dirixido ás maioría sociais. Ficar fóra do Parlamento obriga a Compromiso por Galicia a centrarse na vía municipal como canle para dar a coñecer as súas propostas, mesmo as que vaian alén do eido local. Existe un espazo amplo na política galega, xustamente aquel no que segundo os estudos sociolóxicos se sitúa a maioría da poboación, que está sen cubrir, o da socialdemocracia galeguista. Mais temos que ser conscientes de que o reto é complexo, pois non se trata de activar a un electorado silente, senón de convencelo de que nós representamos iso realmente para que nos prefiran a outras opcións políticas coas que compartimos moitos posicionamentos.

Neste sentido pode ser útil trasladar á cidadanía que compartindo con outras forzas políticas análises e propostas, defendemos a necesidade de conseguir coas formas ofrecer credibilidade como alternativa de goberno para moitos milleiros de galegos e galegas que enxeitan os discursos maximalistas. Só así garantiremos poder contar co apoio non só daquelas persoas que comparten coas formacións mencionadas fondo e forma, mais tamén co respaldo daquelas outras que non compartindo ou non entendendo as formas e especialmente temendo o emprego desas formas dende un hipotético goberno, si coinciden en moitas alternativas. Esa actitude amable facilita, ademais, o trasfego de voto dende nichos electorais afastados, ante diferentes conxunturas políticas nas que mesmo o electorado conservador ou non especialmente progresista / galeguista percibe a necesidade da alternancia política.

O maximalismo e a falta de ponderación da mensaxe, na súa forma e contido,

que se albisca nas forzas políticas nacionalistas con representación no parlamento galego e que puido dar réditos electorais no curto prazo, convértese non só como un “xogo de suma cero” no medio prazo, senón que deixa orfo de representación a milleiros de galegos e galegas que apostan por alternativas situadas en coordenadas políticas afastadas dos extremismos. Ao igual que na maioría dos países europeos, mesmo nunha situación de forte crise económica e social como a actual, existe un espazo político claro para forzas políticas que cunha posición firme na defensa do estado do benestar e da xeración de riqueza apoiadas nun modelo alternativo ao neoliberalismo, aposten por traballar nas institucións dende posturas construtivas, dialogantes e non resistencialistas. Incluso nunha situación de agravamento da crise económica e de ruptura da estabilidade social, son necesarias forzas políticas que non alimenten a crispación nin afonden na división social.

2. Sobre a unidade de acción do nacionalismo

As forzas nacionalistas galegas atinxiron unha implantación política, un apoio electoral e unha penetración social moi inferior ao que podería facer pensar a persistencia e ampla difusión dalgúns sinais de identidade nacional (como o idioma), e incluso a adhesión expresa ao sentimento nacionalista de máis da cuarta parte da poboación galega. Nunha porción non menor, as devanditas debilidades son consecuencia dos erros do nacionalismo organizado á hora de dirixirse á sociedade galega, sexa nas mensaxes e actitudes, sexa nos estilos de traballo ou nas propias propostas, que adoito pecan de carácter excluínste, de vocación resistencialista ou minoritaria, de maximalismo ou falta de adecuación aos distintos públicos que conforman unha sociedade plural.

Perante as devanditas feblezas, Compromiso por Galicia considera desexábel acadar unha maior unidade na acción dos partidos nacionalistas. Porén, non resulta menos obvio que tal unidade non pode tornarse nun obxectivo prioritario en si mesmo. De feito, o groso do nacionalismo galego mantívose organizativamente unido no BNG durante case dúas décadas, e esa unidade organizativa finalmente non só non serviu para avanzar nos planos devanditos (comezando polo electoral), senón que non impediu un continuado retroceso desde hai máis de unha década, mesmo detendo o goberno de Galicia (en coalición) durante catro anos, e despois de participar en ou protagonizar o goberno de cidades importantes e moitos municipios. En definitiva, o nacionalismo foi incapaz de consolidar e dar resposta ás arelas de goberno que alentaron o seu crecemento.

Xa que logo, a unidade do nacionalismo só ofrecerá resultados positivos, que lle permitan medrar en implantación e capacidade de influencia, se se alicerza sobre unhas bases completamente renovadas en todos os planos, e moi en particular no plano organizativo. Esquemas como o frontismo, que baixo a etiqueta de pluralidade agochaba unha enorme rixidez e dirixismo, non son válidos a día de hoxe. Nese sentido, Compromiso por Galicia aposta por explorar outras vías de acción unitaria

máis flexibles, que lle permitan a cada unha das partes organizarse e dirixirse á sociedade de maneira autónoma. Baixo esa premisa, a día de hoxe o máis razoable semella consolidar a pluralidade partidaria existente no nacionalismo pero manténdonos abertos á posibilidade de entendemento no eido electoral, en distintas iniciativas sociais e na acción de goberno nos distintos ámbitos.

3. Actuación política no curto e medio prazo de Compromiso por Galicia

Existindo un espazo claro para unha forza política das características de Compromiso necesitamos, no curto e medio prazo, xogar as nosas limitadas cartas con intelixencia e determinación.

3.1. Actuacións inmediatas no eido nacional

- Afianzar e reforzar a súa base de afiliados e simpatizantes, celebrando encontros abertos á cidadanía ao longo do país no que se presentarán as propostas políticas e organizativa aprobadas no presente congreso.
- Dar a coñecer e enriquecer o noso acervo programático xa construído para as eleccións do 21 de Outubro. Isto realizarase mediante reunións de tipo sectorial impulsadas por Compromiso nos vindeiros meses.
- Participar de forma proactiva nos múltiples espazos de reflexión e debate xurdidos na sociedade ao longo do país, dando a coñecer as nosas propostas e referentes.
- Establecer unha axenda de reunións coas principais organizacións da sociedade civil a nivel galego para coñecer as súas necesidades e demandas e presentar o noso proxecto.
- Promover a participación da nosa militancia e simpatizantes de forma proactiva nas múltiples formas de asociacionismo existentes no país para coñecer de primeira man as necesidades e demandas dos colectivos organizados en Galicia.
- Definir, no nivel organizativo, un plano estratéxico que ordene e oriente os recursos existentes e futuros para acadar un funcionamento máis eficiente e adecuado aos nosos obxectivos. O traballo en rede baseado nas novas tecnoloxías debe ser unha ferramenta primordial na que se sustente a nosa organización e comunicación interna e externa.
- Manter unha liña de comunicación e difusión continua das nosas posicións en temas da actualidade social e política, utilizando as canles tradicionais e as redes sociais. A denuncia de problemáticas sociais e políticas deben estar acompañada tamén de propostas de solución das mesmas.
- Establecer en tempo unha estratexia para a participación nas vindeiras Eleccións ao Parlamento Europeo. A devandita estratexia deberá ser

definida polos órganos de dirección de Compromiso e será sometida á decisión da militancia.

- Celebrar unha conferencia política en 2013/14. O século XXI principia a súa andaina sobre a base dun cambio de paradigma do que está a agromar unha nova realidade. Esta situación excepcional esixe a configuración de novos proxectos políticos que dean respostas innovadoras a novos desafíos. Compromiso por Galicia debe estar á altura desta nova época, que presenta uns desafíos que cómpre debullar polo miúdo.
- Pór en marcha dun plan de extensión da organización. Os catro coordinadores territoriais e a secretaría de organización deseñarán este plan, en colaboración cos secretarios comarcais, en cada unha das circunscricións.

3.2. Actuacións inmediatas no eido municipal

O eido municipal é de vital importancia para Compromiso por Galicia ao ser polo momento o único no que contamos con representación institucional. Por iso cómpre reforzar a actuación neste eido e, ao mesmo tempo, utilízalo como medio para difundir as nosas propostas políticas non só de alcance local senón tamén de alcance nacional (na medida do posible e sen menoscabo da autonomía local). A nosa actuación para os vindeiros meses no ámbito municipal concretarase no seguinte:

- Definir con exactitude a presenza institucional de Compromiso nos concellos, clarificando a situación de cada caso e os grados de implicación con Compromiso no curto e medio prazo.
- Coordinar a actuación dos concelleiro/as e grupos municipais a nivel nacional. Para iso propoñeráse, por parte da Secretaría municipal da Executiva, un plano de actuación par ao eido municipal así como a celebración dunha serie de actos de política municipal a nivel nacional.
- Promover que a marca “Compromiso” sexa a utilizada polos distintos concelleiros/as e grupos municipais de cara a cidadanía e aos medios de comunicación, instando a estes últimos a que substitúan a definición de “non adscritos” pola de Compromiso.
- Reforzar o papel dos alcaldes que actualmente son afiliados ou simpatizantes de Compromiso e aqueles que o poidan ser no futuro inmediato para que, de xeito coordinado cos órganos nacionais, actúen de altofalantes dos posicionamentos de Compromiso.
- Establecer unha axenda de reunións coas principais organizacións da sociedade civil a nivel local e comarcal para coñecer as súas necesidades e demandas e presentar o noso proxecto.
- Promover, tamén dende o nivel local, a participación da nosa militancia e simpatizantes de forma proactiva nas múltiples formas de asociacionismo

existentes no país para coñecer de primeira man as necesidades e demandas dos colectivos organizados en Galicia.

Galicia, decembro de 2012